



BANDO DA ALCALDÍA

DON RAMIRO VARELA PEÓN,
ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE AGOLADA,
FAGO SABER:

BONIFICACIÓN IBI- CONSTRUCCIONS VENCELLADAS co AGRO GANDEIRÍA e FORESTAIS

**O CONCELLO de AGOLADA EN APOIO DO SECTOR PRIMARIO APROBOU NO 2.017
A APLICACIÓN DUNHA BONIFICACIÓN NO IBI EQUIVALENTE AO 95% PARA**

¿QUÉN PODE SOLICITALO?

Os que teñan a titularidade do dereito recoñecido e que estea vencellado a construccions rústicas indispensables para o desenvolvemento das explotacións agrícolas gandeiras ou forestais e teñan alguna das seguintes codificacións catastrais.

BCR (Caseta de Rego)	BCT (Caseta de transformación)	
BIG (Instalacions gandeiras)	JGR (Granxas)	JIN (Invernadoiros)
ZBE (Balsa-Estanques)	ZDL (Depós Líquidos-Tanques)	ZSL (Silos Depósitos Sólidos)

¿Qué documentación presentar?

1º Documento que identifique catastralmente o inmovible para o que se solicita a bonificación (referencia catastral e codificación do destino).

2º Título de acredite a concesión administrativa, o dereito real de superficie, o dereito real de usufruto ou o dereito de propiedade do inmovible para o que se solicita a bonificación.

3º Acreditación da representación no caso de persoas xurídicas.

4º Certificado ou informe acreditando que as actividades que se pretenden bonificar constitúen a actividade principal do negocio.

5º Xustificante do recoñecemento de explotación de que se trate e licenza de actividade.

6º Xustificación da adscrición ao réxime especial da Seguridade Social que corresponda.

7º Certificado da Axencia Tributaria no que conste a situación en activo do titular da explotación.

8º Certificado de non existencia de débedas coa Seguridade Social e coa Facenda autonómica e estatal (Xunta e Estado).

¿Cándo podo solicitar a bonificación?

Esta bonificación, que terá carácter rogado, poderá solicitarse mediante modelo normalizado, dende o día 1 de xaneiro ata o 31 de marzo do exercicio en que vaia a ter efectividade, e a súa concesión manterase para os exercicios sucesivos ata que se modifique ou derroque esta ordenanza”.

O manda e asina o Sr Alcalde de Agolada a 16 de Marzo de 2018.

O Alcalde